

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026388	IES Plurilingüe Fontexería	Muros	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura I	1º Bac.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	27
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	28
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	30
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	30
6. Medidas de atención á diversidade	30
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	33

1. Introducción

/em muros hai arcos e em arcos hai muros/

O presente texto recolle a proposta de Programación Didáctica (PD, en diante) de Lingua Galega e Literatura (LGL) para os grupos de primeiro curso de Bacharelato (1ºBACH) do IES Fontexería no vindeiro curso académico 2023-2024

-Marco legal-

Esta PD está encadrada no paradigma da Lei Orgánica 3/2020, do 30 de decembro (LOMLOE), que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).

O novo currículo de LGL para 1ºBACH está establecido no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza (recentemente publicado máis de obrigada adaptación).

Da banda máis xeral, o Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER, 2001) fala da defensa do plurilingüismo e da interculturalidade, loitas que tomamos desde o funcionariado docente.

Da banda máis particular, a temporización das actividades para o curso 2023-2024 ten en conta o calendario presentado na Orde do 20 de maio de 2023. Alén disto, esta PD bebe das indicacións do Proxecto Educativo de Centro e dos consellos e referencias da Xefatura de Departamento.

A urxencia da materia de Lingua Galega e Literatura vén dada pola necesidade básica para calquera persoa de coñecer como funciona o idioma da súa comunidade, así como de contar cunha bagaxe literaria que lle permita comprender o seu marco sociocultural. A realidade da lingua galega, historicamente minorada e agora ""case"" minoritaria (IGE, 2019), fai imprescindible que o sistema educativo garanta o seu ensino e devolución e procure a súa normalización.

-Contexto-

O IES Fontexería está situado no lugar de Baño, na parroquia de San Xoán Serres, no municipio coruñento de Muros. Velaquí un concello costeiro duns 8.000 habitantes (en lixeiro descenso constante, segundo datos do IGE 2021) que podemos caracterizar coma semirural de dinámica mariñeira.

O nivel socioeconómico da contorna é, en xeral, medio ou medio-baixo (obviamente, con excepcións de todo tipo). Na comarca, priman os traballos no sector terciario, mais tamén no primario (incluídas estadias alén do mar). Os fogares tradicionais de dous ou máis núcleos (nos que conviven netxs con avoas/ós, etc.) representan unha parte importante do total. En xeral, valoramos implicación das familias na coeducación como insuficiente. Tentaremos achegar o labor educativo á realidade familiar do noso alumnado co fin de mellorar a experiencia docente e a vida.

A bisbarra de Muros (entre a Costa da Morte e a área Noia-Barbanza) conta con servizos para o desenvolvemento cultural e a práctica deportiva da rapazada, malia que a participación da mocidade no movemento social e cultural sexa escasa e a conexión en transporte público coas principais cidades da provincia (Compostela, A Coruña) non sexan as mellores. Si que contamos con referentes tanto literarios coma de vida na comarca, que tomaremos como exemplo e motivación nas nosas sesións (relación estudante-contorna-currículo).

O instituto como espazo físico conta con abondas dependencias para as nosas necesidades. O noso labor levarase a cabo nas aulas xenéricas, que dispoñen de ordenador con conexión á rede (deficitaria) e tableiro dixital (en obras). Tamén usaremos a biblioteca e os espazos comúns.

O profesorado do IES Fontexería está formado por 37 docentes (4 menos ca no curso pasado debido aos recortes da Consellaría), dos cales 2 deles constitúen o Departamento de Galego, axudados por unhas terceiro profesor que imparten a materia como afín:

o Berta Divina Núñez García (xefa de Departamento, 3ºESO, 4º ESO, Literatura Galega do Século XX e 1ºBACH)

o Belén (2ºESO, 4ºESO, 2ºBACH)

o

O alumnado do centro suma 259 estudantes en total (pequena baixada con respecto ao curso 2022/2023), organizados en liña 2 (2 grupos por curso). Os grupos de 1ºBACH instituto contan con 24+23 alumnxs por aula.

Con respecto á situación da lingua no instituto, cómpre subliñarmos que malia ser o galego o idioma maioritario, as

xeracións máis novas que viven no núcleo urbano tenden ao cambio lingüístico. É esta unha circunstancia común nas vilas medias galegas, segundo datos do IGE. Con todo, estamos a falar dunha das comarcas con maior índice de galegofalantes do país (ver mapas nos estudos máis recentes). A devolución da lingua no noso centro de traballo é urxente se queremos facer realidade a `normalización`.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	ANDAR COS TEMPOS	O tempo (e o seu contexto material-social) como eixe natural da evolución ao redor do cal se adaptan lingua e literatura.	5	7	X		
2	REINO DE GALIZA	A realidade social galega da Idade Media como activadora dos modos de vida e da cultura (por tanto, lingua e literatura) do momento.	10	7	X		
3	OS AMORES HEI	A cultura amorosa nas representacións literarias.	5	7	X		
4	MEIRINHO DES VIVEIRO	A utilización da lingua como xeito de expresión `política', na acepción desta como a maneira de levar un asunto e de ser coherente co pensamento e a actuación (expresamos por medio do humor, do tipo de linguaxe empregada, etc.).	5	7	X		
5	O VALOR DO PERGAMIÑO	A lingua como código de comunicación normalizado (desde os escritos tabeliónicos até a cultura), feito relacionado co formato de transmisión.	5	7	X		
6	O POBO SALVA O POBO	A oralidade da lingua como sustento dela nos momentos de decadencia.	10	7	X		
7	COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT	As ideas renovadoras e o estudo como motores do progreso (tamén na lingua).	5	7		X	
8	O GALEGUISMO ACENDE O CANDIL	As reivindicacións políticas como modificadoras do panorama social (e, por tanto, tamén da literatura).	5	7		X	
9	AS TRIBOS DO REXURDIMENTO	O contexto histórico como determinante da ortografía actual.	5	7		X	
10	HABELAS HAINAS	A celebración do 8M como espazo de visibilización, divulgación e reivindicación da muller (neste caso desde unha perspectiva da muller galega durante os séculos e até a actual).	5	7		X	
11	POPEIRAS E INSUBMISAS	A (re)interpretación da figura e obra de Rosalía de Castro como referente de apoderamento feminino e de clase.	10	7		X	
12	HEAVIES E CELTAS	A vida e obra de Eduardo Pondal como un dos máis amplos referentes da cultura galega (relacionada desde o mundo celta, o himno galego, e a condición física como determinante da escrita).	10	7			X
13	PUNKIS AO SOL	A coherencia do discurso cos actos. O exemplo de Curros.	10	7			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
14	ESPÍRITO TEATREIRO	O teatro coma un espazo para visibilizar e reflexionar sobre as realidades da contorna, e tamén para alteralas.	5	7			X
15	ANTES TODO ISTO ERA CHOUSA	A actualización e modernización dos saberes e das formas sermos e vivirmos.	5	7			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	ANDAR COS TEMPOS	7

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Recoñece as variedades dialectais do galego.	PE	60
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	identifica os elementos que participan no proceso de comunicación: emisor, receptor, canle, código, mensaxe, referente e situación; así como os elementos non verbais da comunicación: xestos, ton...		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece as características do texto oral e do texto escrito.		
CA2.4.1. - Debater sobre aspectos relacionados coa materia	Domina, en interaccións orais, as estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	TI	40
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Recoñece as partes da noticia e desenvolve estratexias de verificación de noticias falsas e aplica pautas para evitar o ciberanzol.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Coñece a estrutura básica e as características dos elementos que interveñen na comunicación		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.

UD	Título da UD	Duración
2	REINO DE GALIZA	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Usa correctamente o acento diacrítico, coñece as categorías gramaticais e emprega axeitadamente todos os signos de puntuación.	PE	70
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Realiza a lectura dun ensaio sobre sociolingüística. Establece vínculos da súa temática coa actualidade.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece os diferentes niveis da lingua: fonolóxico, gramatical (morfosintáctico) e léxico.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Coñece os modelos de convivencia entre linguas en contacto, a planificación lingüística e o proceso de normalización.	TI	30
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica os elementos que participan no proceso de comunicación: emisor, receptor, canle, código, mensaxe, referente e situación; así como os elementos non verbais da comunicación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.

UD	Título da UD	Duración
3	OS AMORES HEI	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Analiza os usos discriminatorios da lingua e como se manipula a linguaxe de cara a conseguir uns determinados fins.	PE	50
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Localiza os pronomes, as preposicións e as conxuncións nun texto achegado pola/o docente.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia e cohesión) nos textos orais e multimodais. Emprega tempos verbais para dotar de cohesión este tipo de textos	TI	50
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona; obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Presenta o proxecto realizado coa lectura trimestral obrigatoria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
4	MEIRINHO DES VIVEIRO	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona, obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve un proxecto de creación literaria de microrrelatos para o EDLG.	PE	50
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Crea microrrelatos baseándose en obras lidas (nomeadamente da literatura lusófona), revisa as súas creacións e fai propostas de mellora.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Coñece os modelos de convivencia entre linguas en contacto, a planificación lingüística e o proceso de normalización.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia e cohesión) nos textos orais e multimodais. Emprega tempos verbais para dotar de cohesión este tipo de textos.	TI	50
CA2.4.1. - Debater sobre aspectos relacionados coa materia	Domina, en interaccións orais, as estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
5	O VALOR DO PERGAMIÑO	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Localiza os pronomes, as preposicións e as conxuncións nun texto achegado pola/o docente.	PE	60
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Coñece os modelos de convivencia entre linguas en contacto, a planificación lingüística e o proceso de normalización.	TI	40
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia e cohesión) nos textos orais e multimodais. Emprega tempos verbais para dotar de cohesión este tipo de textos.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona; obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Presenta o proxecto realizado coa lectura trimestral obrigatoria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
6	O POBO SALVA O POBO	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Coñece os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias e diglosia. Reflexiona sobre o impacto das redes sociais e dos medios de comunicación nestes fenómenos.	PE	60
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesiónados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Coñece as características e a estrutura básica da recensión. É capaz de elaborar este tipo de texto académico, aplicando os mecanismos de coherencia, cohesión e adecuación.		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Usa correctamente o acento diacrítico, coñece as categorías gramaticais e emprega axeitadamente todos os signos de puntuación.		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Relaciona algunhas composicións da lírica relixiosa medieval e da prosa medieval con outras obras (clásicas e actuais).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elabora un proxecto guiado sobre conceptos e terminoloxía dados no tema.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha deliberación oral argumentada sobre unha temática relacionada co ámbito xuvenil. Planifica a temática. Pescuda información. Aplica trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Participa en conversas literarias na aula, dando a súa interpretación das cantigas de escarnio e maldicir e dos xéneros menores da lírica profana que seleccionou previamente para traballar neste espazo.	TI	40
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece a lírica relixiosa medieval, as causas da decadencia da lírica galego-portuguesa e distingue os tipos de prosa medieval. Interpreta composicións ao abeiro do contexto sociohistórico		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a

Contidos

- partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
7	COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Coñece os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias e diglosia. Reflexiona sobre o impacto das redes sociais e dos medios de comunicación nestes fenómenos.		
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Coñece as características e a estrutura básica da recensión. É capaz de elaborar este tipo de texto académico, aplicando os mecanismos de coherencia, cohesión e adecuación.	PE	70
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Distingue os tipos de oracións compostas por coordinación aparecidas en textos alleos de diversa complexidade.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Localiza as funcións sintácticas que hai en oracións compostas por coordinación.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha deliberación oral argumentada sobre unha temática relacionada co ámbito xuvenil. Planifica a temática. Pescuda información. Aplica trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Recoñece o sexismo na publicidade e é quen de contrastar a información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
8	O GALEGUISMO ACENDE O CANDIL	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Coñece as características e a estrutura básica da recensión. É capaz de elaborar este tipo de texto académico, aplicando os mecanismos de coherencia, cohesión e adecuación.		
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Recoñece as partes da noticia e desenvolve estratexias de verificación de noticias falsas e aplica pautas para evitar o ciberanzo.	PE	80
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Recoñece os principais elementos que poden aparecer no esquema semántico dunha oración en exemplos achegados polo profesor/a: proceso, actor ou axente, obxecto ou paciente, beneficiario, locativo, instrumento, tempo.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Localiza as funcións sintácticas que hai en oracións compostas por coordinación.		
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Coñece os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias e diglosia. Reflexiona sobre o impacto das redes sociais e dos medios de comunicación nestes fenómenos.	TI	20
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha deliberación oral argumentada sobre unha temática relacionada co ámbito xuvenil. Planifica a temática. Pescuda información. Aplica trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
9	AS TRIBOS DO REXURDIMENTO	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido, a estrutura e a información máis importante da conversa sincrónica (chat), como exemplo dunha rede social e da crónica informativa ou xornalística, como exemplo dun medio de comunicación.	PE	60
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Coñece os procedementos de adquisición e formación de palabras e os valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Coñece os modelos de convivencia entre linguas en contacto, a planificación lingüística e o proceso de normalización.	TI	40
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece os diferentes niveis da lingua: fonolóxico, gramatical (morfosintáctico) e léxico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

UD	Título da UD	Duración
10	HABELAS HAINAS	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido, a estrutura e a información máis importante da conversa sincrónica (chat), como exemplo dunha rede social e da crónica informativa ou xornalística, como exemplo dun medio de comunicación.	PE	90
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Recoñece os principais elementos que poden aparecer no esquema semántico dunha oración en exemplos achegados polo profesor/a: proceso, actor ou axente, obxecto ou paciente, beneficiario, locativo, instrumento, tempo.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Localiza as funcións sintácticas que hai en oracións compostas por coordinación.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Coñece os modelos de convivencia entre linguas en contacto, a planificación lingüística e o proceso de normalización.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
11	POPEIRAS E INSUBMISAS	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece a temática, as características e a estrutura dun texto dado.	PE	35
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece a lírica relixiosa medieval, as causas da decadencia da lírica galego-portuguesa e distingue os tipos de prosa medieval. Interpreta composicións ao abeiro do contexto sociohistórico.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Coñece os modelos de convivencia entre linguas en contacto, a planificación lingüística e o proceso de normalización.	TI	65
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Participa en conversas literarias na aula, dando a súa interpretación das cantigas de escarnio e maldicir e dos xéneros menores da lírica profana que seleccionou previamente para traballar neste espazo.		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Relaciona algunhas composicións da lírica relixiosa medieval e da prosa medieval con outras obras (clásicas e actuais).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elabora un proxecto guiado sobre conceptos e terminoloxía dados no tema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
12	HEAVIES E CELTAS	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Analiza os usos discriminatorios da lingua e como se manipula a linguaxe de cara a conseguir uns determinados fins.		
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece a temática, as características e a estrutura dun texto dado.	PE	70
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Constrúe, de xeito autónomo, oracións compostas coordinadas: copulativas, adversativas, disxuntivas, distributivas e xustapostas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Pescuda, coas orientacións da/o docente, precedentes na literatura galega e portuguesa de microrrelatos, co propósito de ter un punto de partida sobre o que basearse para facer o proxecto deste trimestre.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
13	PUNKIS AO SOL	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Coñece os modelos de convivencia entre linguas en contacto, a planificación lingüística e o proceso de normalización.	PE	80
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece a temática, as características e a estrutura dun texto dado.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Localiza as funcións sintácticas que hai en oracións compostas por coordinación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Pescuda, coas orientacións da/o docente, precedentes na literatura galega e portuguesa de microrrelatos, co propósito de ter un punto de partida sobre o que basearse para facer o proxecto deste trimestre.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
14	ESPÍRITO TEATREIRO	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Coñece as características do diálogo espontáneo ou conversa; así como as do diálogo planificado. Diferencia entre debate, faladoiro e entrevista.	PE	80
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece a temática, as características e a estrutura dun texto dado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Pescuda, coas orientacións da/o docente, precedentes na literatura galega e portuguesa de microrrelatos, co propósito de ter un punto de partida sobre o que basearse para facer o proxecto deste trimestre.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Constrúe, de xeito autónomo, oracións compostas coordinadas: copulativas, adversativas, disxuntivas, distributivas e xustapostas.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Coñece os modelos de convivencia entre linguas en contacto, a planificación lingüística e o proceso de normalización.	TI	20
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia e cohesión) nos textos orais e multimodais. Emprega tempos verbais para dotar de cohesión este tipo de textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
15	ANTES TODO ISTO ERA CHOUSA	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Coñece os seus dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis: Estatuto de Autonomía (1981), Lei de normalización lingüística (1983), Plan xeral de normalización da lingua galega (2004).		
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Coñece as características e a estrutura básica da recensión. É capaz de elaborar este tipo de texto académico, aplicando os mecanismos de coherencia, cohesión e adecuación.	PE	50
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Usa correctamente o acento diacrítico, coñece as categorías gramaticais e emprega axeitadamente todos os signos de puntuación.		
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Recoñece as partes da noticia e desenvolve estratexias de verificación de noticias falsas e aplica pautas para evitar o ciberanzol.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Coñece as características do diálogo espontáneo ou conversa; así como as do diálogo planificado. Diferencia entre debate, faladoiro e entrevista.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia e cohesión) nos textos orais e multimodais. Emprega tempos verbais para dotar de cohesión este tipo de textos.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha deliberación oral argumentada sobre unha temática relacionada co ámbito xuvenil. Planifica a temática. Pescuda información. Aplica trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.	TI	50
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Selecciona poemas das obras "Aires da miña terra" e "O divino sainete" para seren posteriormente sometidos a discusión en conversas literarias na biblioteca do centro.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Relaciona algunhas composicións da lírica relixiosa medieval e da prosa medieval con outras obras (clásicas e actuais).		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece a lírica relixiosa medieval, as causas da decadencia da lírica galego-portuguesa e distingue os tipos de prosa medieval. Interpreta composicións ao abeiro do contexto sociohistórico.		
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elabora un proxecto guiado sobre conceptos e terminoloxía dados no tema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A lei educativa define a metodoloxía didáctica coma o "conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados". A metodoloxía que aquí se propón será activa (participativa), contextualizada/motivadora/funcional (achegándonos ás realidades e intereses do alumnado), cooperativa (fomentando a solidariedade entre compañeiras/os), investigadora (propondo o alumnado como descubridor dos novos coñecementos), e sustentada na aprendizaxe significativa (relacionando a información nova coa que xa coñece o estudantado). As estratexias procedimentais que usaremos para conseguir isto na realidade diaria da aula van ser as seguintes:

- Referentes: presentación de modelos (tanto persoas como ideas, movementos, etc.) nos que a rapazada poida ver exemplos que seguir ou poida verse reflectida, tanto no que atinxe os xeitos de fala como no que ten que ver con actitudes de madureza e construción persoal ou de desenvolvemento dunhas actividades vitais/profesionais determinadas.

- Confianza: a concesión de autonomía ao alumnado permitirlle sentirse o verdadeiro axente activo da súa aprendizaxe. Conseguímo-lo propondo actividades de busca de información e creación de producións propias. Tamén consolidarán a confianza mediante o traballo en grupo (distribución de tarefas, comunicación dentro do grupo, etc.). Exemplos: un sinxelo xogo inicial para distendermos o ambiente e comezar a estableceren relacións positivas nas que cada individuo se sinta cómodo e identificado; a choiva de ideas que se fomenta ao inicio de cada UD (que coa presentación da integración dos contidos tamén é un xeito de poñer en valor o xa sabido polo alumnado); a dinamización mediante actividades de repaso e ampliación, como pode ser o xogo tipo concurso (Kahoot) antes de cada exame; ou a actividade tipo `xogo de fuga` da última unidade do curso (repaso de xeito lúdico) contribúen ao desenvolvemento da confianza. Inclusive a nivel de fala, é importante que o alumnado se atope nunha contorna na que lle apeteza falar galego; o traballo dos prexuízos tamén entra aquí.

- Utilidade: é importante desenvolver a ensinanza vinculando os contidos coas posíbeis postas en práctica nas vidas presentes do alumnado. Isto permitirlle ver unha funcionalidade real no traballado, fundamental para manter a atención delas e deles, tamén para aumentar o seu desexo de continuar formándose. Formulamos a PD na idea do `traballo por tarefas`. Por exemplo, o debate proposto para o tratamento da linguaxe inclusiva remata coa elaboración dunhas regras de comportamento na aula; a redaccións producidas irán destinadas a escritos reais (dirixíndose o alumnado a institucións, compas, etc.); as tarefas ao redor do 8M teñen como finalidade organizar unha xornada de loita social; ou o traballo das sesións previas ás saídas vai encamiñado a `preparar` as visitas especializadas.

Actividades

As medidas metodolóxicas das que vimos falando concréntanse en forma de actividades, pois o seu deseño constitúe o motor que dinamizará as sesións de clase. Desenvolvemos actividades de aprendizaxe integradas, mesturando contidos de diferentes bloques e mesmo doutras materias para que o alumnado avance en máis dunha competencia ao tempo.

I. Como actividades iniciais (enfoque motivador e selección de problemáticas) propomos, en cada unidade, unha presentación da idea de traballo integrado coa que foi deseñada, unha choiva de ideas, e algunha lectura, canción, ou outro tipo de peza que nos permita presentar na aula problemáticas referidas aos contidos, así como comezar a darlles solución.

II. Dentro das actividades de desenvolvemento (posibilitan a resolución de problemas, con apoio do profesorado) destacamos as seguintes tipoloxías que utilizaremos recorrentemente, en consonancia cos nosos principios metodolóxicos:

- Análise de obras, producións e medios
- Investigacións
- Debates
- Traballo persoal (exercicios): necesario para a exercitación dos tipos gramaticais/textuais.
- Explicación do profesorado: para os contidos máis especializados.
- Gamificación (xogo): o kahoot (concurso con aplicación móbil) sérvenos para repasar.

III. As actividades finais (avalían o realizado para elaborar conclusións que expresan os resultados obtidos) consisten

en entregas, exposicións e probas escritas nas que o alumnado debe demostrar o seu traballo nun formato avaliábel polo profesorado.

IV. Alén delas, introducimos actividades de ampliación e reforzo para emendar calquera déficit na consecución dos obxectivos que se tiver detectado ao longo das sesións de cada UD.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. Libro de texto
2. Recursos dixitais
3. Libros de lectura

1. ANAYA 2022 (Nieto Pazó e Troitiño Fraiz)
2. AULA VIRTUAL: materiais elaborados polo profesorado.
3. Páxinas web de interese para o aproveitamento da materia.
4. Vídeos e música relacionada cos contidos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial empregámola para observar o nivel de partida do alumnado e consiste no faladoiro/choiva de ideas que realizamos na primeira sesión de cada UD coa presentación dos contidos que traballaremos (tomamos apuntamentos nas táboas de observación).

Ademais, os cuestionarios iniciais de curso (con preguntas asociadas aos contidos mínimos de cada curso, en relación coas competencias adquiridas en cursos anteriores) permítenos detectar diversidades con necesidades de medidas específicas (ACNEAE) non observadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	5	5	5	10	5	5	5	5
Proba escrita	60	70	50	50	60	60	70	80	60	90
Táboa de indicadores	40	30	50	50	40	40	30	20	40	10

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	5	5	100
Proba escrita	35	70	80	80	50	64
Táboa de indicadores	65	30	20	20	50	36

Crterios de cualificación:

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de proxectos e de actividades centradas na utilización da lingua oral, o cal redonda na presenza dunha maior porcentaxe no valor das táboas de indicadores fronte ao das probas escritas, como se pode ver na distribución dos instrumentos de avaliación un 70% a través de táboas de indicadores fronte a un 30% a través de probas escritas.

Crterios de cualificación:

Por incompatibiliade cos procesos de avaliación non existe ningún criterio de avaliación nin actividade en solitario cuxa non superación impida que o alumnado supere a materia.

--- Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións linguísticas:

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións linguísticas que no caso de 1º BACHARELATO non superará os 2 puntos de rebaixa. Nos casos de avaliación oral é o profesorado do nivel o que establece os criterios de penalización por incorreccións linguísticas que en ningún caso poderán superar os 2 puntos.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilinguismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e ocastelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado". O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

Seguindo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba de 4º de ESO lle corresponderían os 4 puntos de rebaixa por incorreccións linguísticas.

--- Cualificación trimestral:

Obtense a través dos seguintes instrumentos e procedementos nas seguintes porcentaxes:

10% - Procedemento: traballo de aula - Instrumento: Diario de aula e observación directa.

10% - Procedemento: Lectura autónoma - Instrumento: Proba escrita e /ou oral.

80% - Procedemento: Proba escrita - Instrumento: Criterios de corrección.

Ata +1 punto unha vez acadado o 5 - Procedemento: Tarefas voluntarias - Instrumento: Observación directa.

--- Cualificación ordinaria:

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres.

--- Cualificación final:

O alumnado para superar a materia deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperacións no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.

Crterios de recuperación:

Exame final en Maio (partes escritas suspensas).

Exame de recuperación en Xuño (só contido rigoroso dos exames).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai alumnado coa materia pendente neste curso.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

[Non procede este apartado]

6. Medidas de atención á diversidade

Os informes de cursos anteriores e as avaliacións iniciais, sempre en coordinación co Equipo de Orientación, permitirannos concretar as accións concretas (ordinarias ou extraordinarias) co noso alumnado.

O alumnado é diverso de por si en canto a capacidades, intereses e expectativas. Baseándonos no Artigo 8 do Decreto 229/2011, esta PD reserva para si as seguintes medidas ordinarias: realizar unha toma de contacto ao inicio do curso e de cada UD, prevendo a posibilidade de modificar a secuencia/tratamento de contidos; repasar as nocións estudadas e resolver os problemas detectados; favorecer o traballo en grupos heteroxéneos; planificar actividades de libre execución, en función dos intereses do alumnado; e adaptar os recursos e os procedementos e instrumentos de avaliación, en consonancia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Non-discriminación de clase	X							
ET.2 - Resolución pacífica de conflitos		X						
ET.3 - Igualdade entre homes e mulleres			X					
ET.4 - Respecto da pluralidade política				X				
ET.5 - Respecto do pluralismo `relixioso`					X			
ET.6 - Deconstrución de estereotipos						X		
ET.7 - Recepción naturalizada (recollidas)							X	
ET.8 - Capacidades críticas								X
ET.9 - Seguridade e dereitos viarios								
ET.10 - Prevención da violencia de xénero								

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.11 - Apoderamento feminista								
ET.12 - Respecto diversidade funcionais								
ET.13 - Liberdade de expresión								
ET.14 - Visibilidade das liberdades sexuais								
ET.15 - Ciber-respecto								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.1 - Non-discriminación de clase							
ET.2 - Resolución pacífica de conflitos							
ET.3 - Igualdade entre homes e mulleres							
ET.4 - Respecto da pluralidade política							
ET.5 - Respecto do pluralismo `relixioso`							
ET.6 - Deconstrución de estereotipos							
ET.7 - Recepción naturalizada (recollidas)							
ET.8 - Capacidades críticas							
ET.9 - Seguridade e dereitos viarios	X						
ET.10 - Prevención da violencia de xénero		X					
ET.11 - Apoderamento feminista			X				
ET.12 - Respecto diversidade funcionais				X			
ET.13 - Liberdade de expresión					X		
ET.14 - Visibilidade das liberdades sexuais						X	
ET.15 - Ciber-respecto							X

Observacións:

Os contidos transversais sempre van en relación cos contidos estritos traballados en cada UD. A súa descodificación por unidades é necesaria ao termos que avaliar tamén o seu traballo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Novembro: saída ao evento 'LGx15' (Compostela)	Organizado pola Coordinadora de Traballadoras/es de Normalización da Lingua (CTNL) en Santiago, oito persoas de diferentes ámbitos (deporte, música, ciencia, cultura, novos medios, etc.) presentan ideas innovadoras arredor do uso da lingua. É un xeito de que o alumnado poida achegarse a persoas que poden ser referentes nalgún aspecto profesional ou vital, e que o son desde unha loita contra os estereotipos lingüísticos e pola dignificación da propia identidade. O evento dura toda unha tarde nun salón de actos (charlas de 15'), e pode complementarse cun paseo por Santiago (aproveitamos para falar do pasado medieval da cidade e da súa relación coa literatura que estamos estudando na primeira avaliación) e comida nun parque antes da entrada ao recinto.			
Marzo: saída ao NUMAX (Compostela)	Dentro do proxecto NUMAX NA ESCOLA (2022-2023), organizado pola cooperativa cinematográfica. Visionado do filme documental 'Dorothe na Vila' (Gándara e Tubío, 2019), relacionado coa cultura popular oral. Logo, traballaremos na aula coa UD elaborada polxs directorxs do docu para o seu mellor entendemento e debate.			

Observacións:

Actividades flexíbeis: poderá haber máis ou menos, segundo as posibilidades do centro, do profesorado, e da vida.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. % APROBADES
2. % CURRÍCULO COMPLETADO
3. FEEDBACK DO ALUMNADO

Descrición:

Por indicación do Departamento, cumpríran uns mínimos dun 75% do alumnado aprobado, dun 90% dos contidos impartidos, e dun 50% do alumnado satisfeito nos grupos para avaliar positivamente o noso traballo durante o curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Será necesaria a realización de avaliacións da programación didáctica, así como de cada unha das unidades integradas. Este seguimento, que se levará a cabo de maneira continua (en cada unidade, ao fin de cada avaliación, e ao fin do curso), permitirá elaborar propostas de mellora e pór en común o noso traballo dentro do Departamento. O obxectivo final deste proceso é reflexionar sobre a nosa acción na aula: primeiramente, avaliando os aspectos que houbo que engadir ou eliminar con respecto á programación prevista e, seguidamente, cuestionando e propondo cales deben ser as medidas que se adoptarán de cara á seguinte unidade/programación/curso.

9. Outros apartados